

EEI VILA LAURA

PROGRAMA DE ACOLLIDA

- DIRECCIÓN: Rúa Hispanidade, nº 86. CP: 36203 VIGO
- TELÉFONO E FAX: 986.471.410, TELÉFONO DA ANPA: 986.420.858
- E-MAIL: eei.vila.laura@edu.xunta.es
- HORARIO LECTIVO: de 9:00h a 14:00h. Pendente da adaptación pola Covid-19
- HORARIO DE DIRECCIÓN E XEFATURA DE ESTUDOS PREVIA CITA.
- HORARIO DE SECRETARÍA: todos os días de 13:00h a 14:00 h.
- HORARIO DE TUTORÍA PREVIA CITA: martes de 16:00h a 17:00h.



O inicio da escolarización é un período moi importante para os vosos fillos e fillas xa que é unha etapa na que se producen gran cantidade de avances no desenvolvemento evolutivo dos nenos e nenas que afectan tanto ao ámbito familiar como escolar.

As competencias que pretendemos neste período, sitúanse na liña de conquistar un bo coñecemento de si mesmo, o coñecemento do que nos rodea e a aprendizaxe da comunicación.

Precisamos da vosa colaboración e implicación, por elo e dentro do marco no que se inscribe o Plan de Acollida, aportaremosvos unha serie de informacións sobre o funcionamento do colexio que cremos importantes para conquistar unha axeitada adaptación dos vosos fillos e fillas.

Aproveitamos a ocasión para darvos a benvinda dende a Dirección do Centro e o Claustro de Profesores.

- O xoves, 1 e o venres 2 de setembro recibiredes a chamada da titora ou titor para a entrevista individual, a que viredes acompañados polos vosos fillos e fillas.
- O Período de Adaptación que vai dende o 8 de setembro ata o 16 de setembro ámbolos dous incluídos.
- O mércores, 7 de setembro reunión na aula coa titora ás 12:30 horas.
- O comedor para o alumnado de 3 anos empeza o 1 de outubro.
- A recollida dos peques que asistan a actividades da ANPA ou comedor é no AULARIO.

ENTRADAS E SAÍDAS

- Prégase puntualidade en ámbolos dous casos.
- O alumnado entrará e sairá pola porta do colexio que lle corresponda.
- Se unha nena ou neno chega tarde ao centro ou marcha antes da súa hora de saída, **sempre** será pola porta principal da escolar e deberá comunicarllo á titora ou titor polo TopApp School para a súa xustificación.
- Cada titora ou titor levará a cabo un rexistro de faltas de puntualidade e asistencia que no caso de no ser xustificadas debidamente, poñerase en coñecemento da dirección do centro que tomará as medidas oportunas.

CUESTIÓNS EDUCATIVAS

- O descanso nocturno é fundamental para unha boa adaptación á escola.
- É importante que vaian adquirindo pouco a pouco autonomía: vestir, aseo, baño e comer.
- A educación en rutinas a esta idade é fundamental xa que aporta seguridade aos cativos

HIXIENE, ROUPA E ALIMENTACIÓN



- Ao inicio da escolaridade o neno ou nena deberá ter conseguido o control de esfínteres. Se algún día sucede o contrario a titora avisará á familia que deberán vir a cambiálo o antes posible. Na páxina web da escola tendes o PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DE CONTROL DE ESFÍNTERES.
- Os nenos e nenas deberán traer roupa cómoda e fácil de poner tipo chandal, zapatos con peche de velcro, etc para facilitar a súa autonomía a hora de ir ao baño.
- Os días que teñan psicomotricidade deberán traer chandal e tenis ou zapatillas de velcro.
- Eviten mandar cinturóns, tirantes, petos, colares....
- As chaquetas, abrigos e mandilóns estarán provistos dunha goma elástica de 15 cm. para poder colgalas na percha correspondente. Ase mesmo virán marcadas co nome da nena ou neno.
- Non está permitido traer mochilas de rodas.
- A media mañá tomarase unha merenda que preferentemente estará composto por froita, iogur ou pequenos bocadillos.
- A comida nunca virá en latas ou recipientes de cristal.

ENFERMIDADES

- Se padece algún tipo de alerxia, intolerancia alimentaria ou enfermidade (asma, epilepsia...), deberá ser comunicada o antes posible á titora do alumno ou alumna.

- Se algún neno ou nena tivese que recibir algún tipo de tratamento e non fose posible darllo fora do horario lectivo, serán os pais ou algunha outra persoa autorizada quen veña ao colexio e llo administrará.

OUTRAS CUESTIÓNS

- As comunicacións oficiais do centro coas familias realizaranse por TOKAPP SCHOOL e ou ABALAR .
- No caso de cambio de domicilio ou teléfono de contacto é necesario avisar á titora e na secretaría canto antes.
- No caso de problemas de pais /nais separados cómpre presentar documentación oficial.
- Asemade das actividades extraescolares organizadas pola ANPA, o centro realiza actividades complementarias dentro e fora do recinto escolar. Para asistir ás saídas fora do recinto escolar, os pais ou titores legais deberán cubrir a autorización correspondente.